

## Sala 17. Comedor

Este dependencia, iluminada por unha lámpada de cristal, acolle diverso mobiliario (mesas, arca, sofá, cadeiras, aparador...), fotografías, varias pinturas, un tapiz con escena de caza, así como cerámica de distinta procedencia. Expóñense tamén armas

brancas e de fogo de principios do s. XIX. Nun dos esquinais hai unha cheminea de recente construción adornada con diversos utensilios de bronce e cobre.

Reloxo «Alfredo Delege» decorado na esfera cunha escena relixiosa

Retrato do cardeal Miguel Payá y Rico (1811-1891), pintado en 1877 por José M.<sup>a</sup> Garabal Louzao (1835-1907), ano no que este artista foi nomeado polo rei Alfonso XII pintor e decorador da Real Casa «Pintor de la R<sup>ta</sup> C.»



### Vaixela de Sargadelos

Sobre a mesa e no aparador pode verse unha vaixela fabricada en Sargadelos no s. XIX, personalizada coas iniciais J. M. V que se corresponden co cóngo compostelán José María Varela de Temes.

Copia (hai outra na Sala 1) dun exvoto ofrecido á Virxe por don Francisco José de Quiroga y Losada